

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO
A Coruña



Asunto: *Aprobación inicial Modificación Puntual nº 2 do PXOM. Expediente 2018/X999/000548.*

O Pleno municipal, en sesión ordinaria que tivo lugar o 28 de xaneiro de 2019, acordou aprobar inicialmente a modificación puntual nº 2 do Plan xeral de ordenación municipal do Concello de Carballo (PXOM) relativa á modificación de 4 zonas en solo de núcleo rural e rústico, segundo a documentación técnica redactada polos arquitectos Beatriz Aneiros Filgueira (col. 2137 COAG) e Álvaro Fernández Carballada (col. 1047 COAG).

O que se somete a información pública por un prazo de dous meses en cumprimento dos artigos 60 da *Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia* e 144 do *Regulamento da Lei do Solo*, co fin de que as persoas que se consideren afectadas por ela poidan examinar o expediente e deducir, de ser o caso, as alegacións ou observacións que xulguen oportunas.

O documento técnico, o resumo executivo e os trámites contidos no expediente poderán consultarse na Oficina Técnica municipal en horario de 10.00 h ás 13.00 h e nesta páxina web.

Carballo, 11 de marzo de 2019

O alcalde

Evencio Ferrero Rodríguez

Don Susana Mariño Lorenzo, Secretario do Concello de Carballo - A Coruña

CERTIFICO:

Que o Pleno da Corporación Municipal, en sesión Ordinaria celebrada en data luns 28 de xaneiro de 2019 adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

"5.- Modificación puntual nº 2 do Plan Xeral de Ordenación Municipal do concello de Carballo en solo de núcleo rural e solo rústico. Aprobación inicial. (CIPUM de 22 de xaneiro de 2019).

Primeiro.- Aprobar inicialmente a **modificación puntual nº 2 do PXOM de Carballo en solo de núcleo rural e solo rústico**, segundo a documentación técnica elaborada polos arquitectos Beatriz Aneiros Filgueira (arq. col. 2137 C.O.A.G.) e Alvaro Fernández Carballada (arq. col. 1047 C.O.A.G.).

- ZONA 1: Núcleo rural de Loenzo de Abaixo (Pq de Bértoa): A modificación consiste en cambiar o trazado dun vial que atravesa o núcleo rural eliminando a parte final do seu trazado no extremo noroeste que afecta a unha vivenda de recente construción que conta con licenza de obras.

- ZONA 2: Núcleo rural de Vivente (Pq de Ardaña). A modificación consiste na corrección dun erro na cartografía do PXOM desprazando lixeiramente cara o norte unha vía de curta lonxitude que enlaza unha estrada municipal coa vía provincial DP-1914.

- ZONA 3: Núcleo rural de San Miguel (Pq de Vilela): A modificación consiste en aumentar a sección do vial situado ao oeste da igrexa parroquial, coa finalidade de crear un espazo público en forma de praza que ademais sirva como aparcadoiro circunstancial durante os eventos relixiosos.

- ZONA 4: Acceso ao cemiterio parroquial de Berdillo: A modificación consiste en crear unha vía de acceso á ampliación do cemiterio parroquial de recente construción prevista no PXOM. Esta actuación prodúcese en solo rústico de especial protección agropecuaria.

Segundo.- Someter o expediente a información pública por prazo de dous meses mediante anuncio que se publicará no Diario Oficial de Galicia en nun dos xornais de maior circulación na provincia e notificar aos titulares catastrais dos terreos afectados. Durante o mencionado prazo os interesados poderán formular cantas alegacións teñan por conveniente. A documentación sometida a información pública abarcará todos os documentos integrantes do expediente tramitado, incluído o resumo executivo.

Terceiro. Dar traslado desta documentación á Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo a fin de que dea audiencia aos municipios limítrofes e solicite os informes sectoriais autonómicos preceptivos, que deberán ser emitidos no prazo de tres meses; transcorrido este prazo, entenderanse emitidos con carácter favorable.

Cuarto.- Solicitar informes sectoriais da Administración do Estado á Delegación do Goberno e á Secretaría de Estado para o Avance Dixital da Dirección Xeral de Telecomunicacións e Tecnoloxías da Información.

Quinto.- Conforme ao previsto no artigo 47.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, o acordo de aprobación inicial da modificación puntual determina, por si só, a suspensión das licenzas nos ámbitos nos que as novas determinacións supoñan modificación da ordenación urbanística vixente. Esta suspensión terá un período máximo de dous anos e, en calquera caso, extinguirase coa aprobación definitiva. As áreas afectadas pola suspensión están descritas no resumo executivo.

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO
A Coruña



Exp. 2019/G012/000003

E para que conste, para os efectos oportunos expido o presente certificado coa reserva establecida no art. 206 do R.O.F., de orde e co visto e praxe do Sr. Alcalde, en Carballo, asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

**V. e Pr.
O alcalde**

FIRMADO POR Susana Mariño Lorenzo (FECHA: 30/01/2019 10:01:00) , Evencio Ferrero Rodríguez (FECHA: 30/01/2019 10:38:00)

Versión imprimible

CVD: wRRfyQpde9LKJIWIKNTD
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Dictame da Comisión informativa de planificación urbana e mobilidade (CIPUM) do martes 22 de xaneiro de 2019.

3.- Modificación puntual nº 2 do Plan Xeral de Ordenación Municipal do concello de Carballo en solo de núcleo rural e solo rústico. Aprobación inicial.

Dáse lectura á proposta da concelleira delegada de planificación e mobilidade urbana, contratación e seguridade cidadá, do 16/01/2019, en relación ao expediente 2018/X999/000548, cuia parte expositiva de transcribe:

ASUNTO: MODIFICACIÓN PUNTUAL Nº 2 DO PXOM DE CARBALLO. Aprobación Inicial.
EXPTE. 2018/X999/000548.
PROMOTOR: CONCELLO DE CARBALLO.
REX. ENTRADA: 201899900001327 de 30/11/2018.
REDACTOR: BEATRIZ ANEIROS FILGUEIRA (arq. col. 2137 COAG) e ALVARO FERNÁNDEZ CARBALLADA (arq. col. 1047 COAG) COMO INTEGRANTES DA SOCIEDADE "FERNÁNDEZ CARBALLADA Y ASOCIADOS, S.L.P."

O Concello de Carballo, está promovendo a modificación puntual nº 2 do PXOM que afecta a ámbitos de solo de núcleo rural e de solo rústico, co obxecto de mellorar a ordenación en catro tramos viarios, para mellorar a mobilidade e corrixir erros detectados desde a vixencia do PXOM.

Esta modificación puntual ter obxecto a alteración do trazado de varios viais previstos no PXOM en catro zonas:

- ZONA 1: Núcleo rural de Loenzo de Abaixo (Pq de Bértoa): A modificación consiste en cambiar o trazado dun vial que atravesa o núcleo rural eliminando a parte final do seu trazado no extremo noroeste que afecta a unha vivenda de recente construción que conta con licenza de obras.
- ZONA 2: Núcleo rural de Vivente (Pq de Ardaña). Neste caso a m.p consiste na corrección dun erro na cartografía do PXOM desprazando lixeiramente cara o norte unha vía de curta lonxitude que enlaza unha estrada municipal coa vía provincial DP-1914.
- ZONA 3: Núcleo rural de San Miguel (Pq de Vilela): A alteración proxectada pola m.p. neste caso consiste en aumentar a sección do vial situado ao oeste da igrexa parroquial, coa finalidade de crear un espazo público en forma de praza que ademais sirva como aparcadoiro circunstancial durante os eventos relixiosos.
- ZONA 4: Acceso ao cemiterio parroquial de Berdillo: Consiste en crear unha vía de acceso á ampliación do cemiterio parroquial de recente construción prevista no PXOM. Esta actuación prodúcese en solo rústico de especial protección agropecuaria.

Con esta finalidade o Concello de Carballo encargou á empresa Fernández Carballada y Asociados SLP, a redacción da documentación necesaria para a tramitación da modificación puntual do PXOM co obxectivo indicado.

A tramitación iniciouse coa solicitude de avaliación ambiental estratéxica (A.A.E.) simplificada, presentada o 02/04/2018 (R.S. 201800000001567), acompañada do borrador da modificación puntual e do documento ambiental estratéxico (DAE) do expediente tramitado.

Como consecuencia do anterior emitíuse o informe ambiental estratéxico (I.A.E.), pola Directora Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático o 28/06/2018 (publicado no DOG de 24/07/2018) no que se achegan como ANEXO os informes emitidos durante o período de consultas da A.A.E., pola Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo (DXOTU), Instituto de Estudos do Territorio (IET), Dirección Xeral de Patrimonio Cultural (DXPC) e Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica.

O I.A.E sinala que deben considerar na elaboración da modificación puntual as observacións formuladas nos informes recibidos no período de exposición pública e consultas previas, con particular referencia ao núcleo de San Miguel (Pq. Vilela)

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello 5/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO
A Coruña



Exp. 2019/G012/000003

concluíndo que non se producirán efectos significativos no ambiente. Finalmente o órgano ambiental resolve non someter ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria a modificación puntual número 2 do PXOM de Carballo.

O equipo redactor presentou o documento da modificación puntual con data 30/11/2018, (R.E. 201899900001327), aos efectos de tramitar a aprobación inicial.

A modificación puntual está integrada polos seguintes documentos:

- MEMORIA INFORMATIVA E XUSTIFICATIVA.
 1. INTRODUCCIÓN E ANTECEDENTES.
 2. MEMORIA XUSTIFICATIVA DE FINS E OBXECTIVOS.
 3. MEMORIA XUSTIFICATIVA DE FINS E OBXECTIVOS.
 4. NORMATIVA PARA O DESENVOLVEMENTO DA MODIFICACIÓN.
 5. ESTRATEXIA DE ACTUACIÓN E ESTUDO ECONÓMICO.
 6. MEMORIA DE SUSTENTABILIDADE ECONÓMICA.
 7. DOCUMENTACIÓN A INCORPORAR/MODIFICAR NO PXOM.
 8. RESUMO EXECUTIVO DA M.P.

- ANEXOS.

- ANEXO 1. FICHA DO CATÁLOGO DO PXOM DO POMBAL EN SAN MIGUEL.
- ANEXO 2. LICENZA DE OBRA E ACTIVIDADE PARA A AMPLIACIÓN DO CEMITERIO PARROQUIAL DE SAN LOURENZO DE BERDILLO.
- ANEXO 3. RESOLUCIÓN DO 28 DE XUÑO DE 2018, POLA QUE SE FORMULA O INFORME AMBIENTAL ESTRATÉXICO DA MODIFICACIÓN PUNTUAL NÚM. 2 DO PXOM DE CARBALLO
- ANEXO 4. DOCUMENTACIÓN A MODIFICAR OU SUBSTITUÍR NO PXOM VIXENTE.

- PLANOS.

- INFORMACIÓN.
- ORDENACIÓN.

Os servizos técnicos municipais emitiron informe o 16/01/2019 no que se detalla a xustificación e descrición da modificación puntual, o axuste ás determinacións ambientais do I.A.E, desglosando a integración das conclusións dos informes emitidos durante a A.A.E., e consideran que a documentación é suficiente para continuar a súa tramitación para a aprobación inicial polo órgano municipal competente.

O órgano competente para resolver este asunto é o pleno do concello en virtude do disposto no artigo 22.2.c da Lei 7/1985, de 2 de abril, de reguladora das bases do réxime local, que atribúe ao órgano plenario a aprobación inicial do planeamento xeral e a aprobación que poña fin a tramitación municipal dos plans e demais instrumentos de ordenación previstos na lexislación urbanística, así como os convenios que teñan por obxecto a alteración de calquera de ditos instrumentos.

Foi vista a documentación do expediente e o informe dos técnicos municipais, conforme ao disposto nos artigos 83.5 e 60 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e nos concordantes 200.5 e 144 do seu regulamento (Decreto 143/2016, de 22 de setembro).

A Presidenta da Comisión menciona as zonas afectadas pola modificación puntual nº 2: Núcleo rural de Loenzo Abaixo (Bértoa), núcleo rural de Vivente (Ardaña), núcleo rural de San Miguel (Vivente) e acceso ao cemiterio parroquial de Berdillo.

A continuación, o Sr. Garrote Pazos, arquitecto municipal explica, polo miúdo, sobre planos, a modificación puntual nº 2 do PXOM en solo de núcleo rural e solo rústico que afecta a 4 zonas e resolve as dúbidas que lle preguntan os membros da comisión.

O Sr. Bello Pallas, concelleiro do grupo municipal de TEGA, cre que no caso da modificación que afecta ao núcleo rural de San Miguel de Vilela debería de haber un convenio previo co propietario do terreo no que se recolla a cesión do mesmo.

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello 5/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO
A Coruña



Exp. 2019/G012/000003

O Sr. Lamas Álvarez, concelleiro delegado de Obras e Servizos, responde que o propietario quere ter garantizado que despois poida obrar detrás, en definitiva, manter os dereitos que ten neste momento.

O Sr. Bello Pallas, concelleiro do grupo municipal de TEGA, pide que se consulte ao asesor xurídico da oficina técnica se procede ter a cesión feita do terreno neste momento, antes da aprobación da modificación.

En relación ao acceso ao cemiterio parroquial de Berdillo, a Sra. Vila Blanco, voceira do grupo municipal do PSdG-PSOE, plantexa se un vial de oito metros en solo rústico nunha propiedade privada é defendible xurídicamente.

O Sr. Garrote Pazos, arquitecto municipal, di que a modificación consiste en crear unha vía de acceso á ampliación do cemiterio parroquial de recente construción e engade que se trata dunha dotación de carácter local, cuos sistemas de obtención están regulados.

A Sra. Vila Blanco, voceira do grupo municipal do PSdG-PSOE, agradece a remisión dos informes pertinentes e a atención do arquitecto municipal polas explicacións dadas das dúas modificacións do PXOM.

Sometido o asunto a votación, con catro (4) abstencións, dos grupos municipais do PSdG-PSOE (1), TEGA (1), e PP (2) e cinco (5) votos a favor, dos concelleiros do BNG a Comisión informativa de planificación urbana e mobilidade dictamina favorablemente a proposta presentada e propón ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a **modificación puntual nº 2 do PXOM de Carballo en solo de núcleo rural e solo rústico**, segundo a documentación técnica elaborada polos arquitectos Beatriz Aneiros Filgueira (arq. col. 2137 C.O.A.G.) e Alvaro Fernández Carballada (arq. col. 1047 C.O.A.G.).

Segundo.- Someter o expediente a información pública por prazo de dous meses mediante anuncio que se publicará no Diario Oficial de Galicia en nun dos xornais de maior circulación na provincia e notificar aos titulares catastrais dos terreos afectados. Durante o mencionado prazo os interesados poderán formular cantas alegacións teñan por conveniente. A documentación sometida a información pública abarcará todos os documentos integrantes do expediente tramitado, incluído o resumo executivo.

Terceiro. Dar traslado desta documentación á Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo a fin de que dea audiencia aos municipios limítrofes e solicite os informes sectoriais autonómicos preceptivos, que deberán ser emitidos no prazo de tres meses; transcorrido este prazo, entenderanse emitidos con carácter favorable.

Cuarto.- Solicitar informes sectoriais da Administración do Estado á Delegación do Goberno e á Secretaría de Estado para o Avance Dixital da Dirección Xeral de Telecomunicacións e Tecnoloxías da Información.

Quinto.- Conforme ao previsto no artigo 47.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, o acordo de aprobación inicial da modificación puntual determina, por si só, a suspensión das licenzas nos ámbitos nos que as novas determinacións supoñan modificación da ordenación urbanística vixente. Esta suspensión terá un período máximo de dous anos e, en calquera caso, extinguirase coa aprobación definitiva. As áreas afectadas pola suspensión están descritas no resumo executivo.

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO
A Coruña



OFICINA TÉCNICA MUNICIPAL

INFORME TÉCNICO E XURÍDICO

- ASUNTO:** MODIFICACIÓN PUNTUAL Nº 2 DO PXOM DE CARBALLO EN SOLO DE NÚCLEO RURAL E EN SOLO RÚSTICO. Aprobación Inicial.
- EXPTE.** 2018/X999/000548.
- PROMOTOR:** CONCELLO DE CARBALLO.
- REX. ENTRADA:** 201899900001327 de 30/11/2018
- REDACTOR:** BEATRIZ ANEIROS FILGUEIRA (arq. col. 2137 COAG) e ALVARO FERNÁNDEZ CARBALLADA (arq. col. 1047 COAG) COMO INTEGRANTES DA SOCIEDADE "FERNÁNDEZ CARBALLADA Y ASOCIADOS, S.L.P."

I.- ANTECEDENTES.

- Solicitud de inicio da A.A.E. simplificada da m.p. nº 2 do PXOM de Carballo de data 02/04/2018 (R.S. 201800000001567), acompañada de borrador da modificación puntual e documento ambiental estratéxico (DAE).
- Informe ambiental estratéxico (I.A.E.) emitido pola directora xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático o 28 de xuño de 2018 (R.E. 201800000006191 de 12 de xullo de 2018), no que se achegan como ANEXO os informes emitidos durante o período de consultas da A.A.E., pola Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo (DXOTU), Instituto de Estudos do Territorio (IET), Dirección Xeral do Patrimonio Cultural (DXPC) e Dirección Xeral de Pesca, Agricultura e Innovación Tecnolóxica. Así mesmo incorpórase un comentario dun particular realizado durante o período de consultas que solicita unha serie de aclaracións en relación a unha licenza de obras outorgada en Loenzo de Abaixo.
- Publicación do I.A.E. da m.p. no DOG núm 141 de 24 de xullo de 2018.
- Presentación do documento da m.p. o 30 de novembro de 2018 (R.E. 201899900001327).

II.- NORMATIVA APLICABLE.

- Lei 7/1985 do 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local (LBRL) e Lei 5/1997 de Administración local de Galicia.
- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG).
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (RLSG).
- Plan xeral de ordenación municipal (PXOM) do Concello de Carballo aprobado por Orde do 4 de febreiro de 2016 da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio (DOG, núm. 39, do 26 de febreiro de 2016 e BOP, núm. 38, do 26 de febreiro de 2016).

III.- OBXECTO, DESCRICIÓN E XUSTIFICACIÓN DA MODIFICACIÓN PUNTUAL.

- PRIMEIRO.- OBXECTO E DESCRICIÓN.

O obxecto da modificación puntual consisten na alteración do trazado de viais previstos no PXOM en catro zonas:

- ZONA 1: Núcleo rural de Loenzo de Abaixo (Pq de Bértoa): A modificación consiste en cambiar o trazado dun vial que atravesa o núcleo rural eliminando a parte final do seu trazado no extremo noroeste que afecta a unha vivenda de recente construción que conta con licenza de obras.
- ZONA 2: Núcleo rural de Vivente (Pq de Ardaña). Neste caso a m.p. consiste na corrección dun erro na cartografía do PXOM desprazando lixeiramente cara o norte unha vía de curta lonxitude que enlaza unha estrada municipal coa vía provincial DP-1914.
- ZONA 3: Núcleo rural de San Miguel (Pq de Vilela): A alteración proxectada pola m.p. neste caso consiste en aumentar a sección do vial situado ao oeste da igrexa parroquial, coa finalidade de crear un

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO
A Coruña



espazo público en forma de praza que ademais sirva como aparcadoiro circunstancial durante os eventos relixiosos.

- ZONA 4: Acceso ao cemiterio parroquial de Berdillo: Consiste en crear unha vía de acceso á ampliación do cemiterio parroquial de recente construción prevista no PXOM. Esta actuación prodúcese en solo rústico de especial protección agropecuaria.

- SEGUNDO.- XUSTIFICACIÓN:

Tal e como se dispón no artigo 83.1. da LSG e 200.1. do RLSG calquera modificación do planeamento urbanístico deberá fundamentarse en razóns de interese público debidamente xustificadas. Este interese público xustifícase no apartado 1.2. da memoria da m.p. que se transcribe a continuación:

" Tal e como se recolle no apartado anterior, o artigo 83 da LSG esixe que as modificacións de planeamento urbanístico fundaméntense en razóns de interese público debidamente xustificadas, as cales se detallan no presente apartado.

Por unha banda a execución dos viais tal e como están previstos pola actual ordenación, é inviable desde un punto de vista:

- Xurídico: no caso de Loenzo de Abaixo, pola existencia dunha nova vivenda con licenza previa á aprobación definitiva do PXOM, a causa da demora entre a aprobación inicial e definitiva do documento. Proceder a súa demolición para a execución dun novo vial, leva consigo implicacións xurídicas de difícil cuantificación e solventación. Ademais, a execución deste novo vial non se atopa incluída no estudo económico nin na estratexia de actuación do PXOM.

No caso do novo vial de Vivente, a existencia dun acordo previo coa propiedade da parcela lindante polo norte, desaconsellan a afectación a unha terceira propiedade (a lindante polo sur) que ademais non mellora a súa situación respecto á actualidade, e resulta innecesario para o desenvolvemento da actuación prevista no Plan Xeral.

- Económico: os costes de indemnización que implica executar os viais segundo o trazado previsto no PXOM, son moi elevados, polo que os beneficios que implican estas actuacións non resultarían proporcionais á inversión que debería realizar o Concello. Neste sentido salienta que mellórase a sustentabilidade económica do PXOM, mantendo a funcionalidade viaria.

- Técnico: a ampliación dos viais previstos nos núcleos rurais de San Miguel e A Igrexa, posibilitan a creación dunha zona de uso público que mellora a posta en valor dos bens existentes, no primeiro caso, e facilita o acceso a unha dotación no segundo, determinacións que melloran a mobilidade dos núcleos que ten alta demanda deste servizo.

Para acadar esta actuación, o Concello adquirirá os terreos necesarios por algún dos medios establecidos no artigo 129 da LSG.

O obxectivo da presente Modificación é posibilitar a funcionalidade do sistema viario, polo que se trata de razóns de interese colectivo derivadas dunha necesidade real da poboación residente.

Coa Modificación proposta mantéñense as parcelas con acceso a vía pública previstas no Plan Xeral, non se ven afectados outros terceiros que visen menoscabados os seus dereitos edificatorios, e mellórase a mobilidade do sistema viario previsto.

As anteriores razóns para realizar a presente modificación son de interese público, xa que co seu desenvolvemento o planeamento urbanístico dará unha mellor resposta ás necesidades actuais da poboación do Concello.

Por outra banda no informe emitido pola Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo (DXOTU) durante o período de consultas da avaliación ambiental estratéxica, faise a seguinte consideración en relación ao interese público da modificación de viario en Loenzo de Abaixo (Bértoa):

"Procederase a unha maior xustificación das razóns de interese público da modificación, mais alá da titularidade privada dos terreos e da edificación que por si só non é suficiente tendo en conta a diminución da capacidade e funcionalidade da vía (artigo 83.1. da LSG)".

Respecto do anterior compre sinalar que no documento para aprobación inicial obxecto do presente informe rectificouse o trazado da vía afectada pola alteración proxectada respecto do documento de borrador incrementando a súa sección transversal de 7 a 8 metros cun remate na zona oeste que incorpora unha zona de manobra para os vehículos en forma de cu de saco de 12 x 12 metros.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO
A Coruña



Deste xeito mantense a funcionalidade do sistema viario sen necesidade de acometer actuacións expropiatorias de escasa utilidade e difícil xustificación, tanto no aspecto de planificación urbanística, por existir outros viais próximos que completan a trama viaria e permiten o acceso público ás edificacións e parcelas existentes, como nos aspectos económico e xurídico, por non estar incluído este tramo viario no estudio económico nin na estratexia de actuación do planeamento.

Por elo, á vista da argumentación exposta na memoria da documentación técnica considerase axeitada modificación do trazado viario e xustificado o interese público na modificación puntual relativa a esta zona 1. No resto das zonas o interese público non foi cuestionado e pensamos que está suficientemente xustificado na memoria do texto obxecto de informe.

IV.- AXUSTE ÁS DETERMINACIÓNS DO INFORME AMBIENTAL ESTRATÉXICO.

Tal e como indicamos con anterioridade, o informe ambiental estratéxico (I.A.E.) da m.p. formulouse mediante resolución da directora xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático de 28 de xuño de 2018 (R.E. 20180000006191de 12 de xullo de 2018). O informe conclúe que non se someta a m.p. ao procedemento de avaliación ambiental ordinaria, ao considerar que non se producirán efectos no ambiente. Non entanto establécense as seguintes determinacións:

"- Deberase revisar o emprazamento proposto para o aparcamento no núcleo rural de San Miguel considerando unha localización máis afastada do núcleo, que minimize a presión sobre os bens catalogados.

- Para garantir unha boa integración paisaxística das actuacións previstas no núcleo de San Miguel, atenderanse ás consideracións establecidas polo Instituto de Estudos do Territorio no que respecta ao deseño do viario, ao acondicionamento dos espazos libres e aos pavimentos."

Estas dúas cuestións resólvense no proxecto da m.p. presentado para aprobación inicial:

En canto ao tema do suposto aparcamento pensamos que existe un erro de interpretación no destino da ampliación de viario proxectada fronte á igrexa parroquial de San Miguel de Vilela. Tal e como se aclara no apartado 1.3.1. da memoria, non se trata de facer un aparcamento senón de configurar un espazo público en modo de praza que ademais sirva como zona de estacionamento de vehículos cando teñan lugar eventos puntuais de carácter festivo ou relixioso, tales como as festas patronais, enterros, funerais, etc., a razón de non cualificar ese espazo como zona verde ou espazo libre é manter o acceso viario público das parcelas situadas cara o sur cuxa titularidade corresponde á persoa donante dos terreos necesarios para a execución do espazo público e do pombal situado nesa zona que se pretende poñer en valor. Deste xeito, retrasase a aliñación creando unha superficie que amplía o espazo viario permitindo a formación dunha praza pública que realce os elementos catalogados, e poida funcionar ocasionalmente como aparcadoiro puntual ou zona de reunión veciñal para asistir a actos culturais, sociais ou relixiosos, integrando os elementos de valor na contorna de dita praza pública.

En todo caso, o que se pretende é darlle un tratamento axeitado tal e como se fixo noutros casos similares como o da praza de Sofán (na parroquia deste concello) que se aporta como exemplo no texto da m.p. cuxo deseño contribuíu á posta en valor da Igrexa Parroquial e o Cruceiro, actuación que contou coa autorización da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural (DXPC) e que mesmo foi finalista do premio do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia. En todo caso na formulación do proxecto seguiranse as consideracións que se incorporan no informe do IET e solicitarase a autorización preceptiva da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO
A Coruña



Imaxes da praza de Sofán (Carballo)

En relación ás consideracións do IET, compre sinalar que se achegan no apartado 4 "NORMATIVA PARA O DESENVOLVEMENTO DA MODIFICACIÓN". O contido deste apartado deberase refundir coa normativa do PXOM.

Ademais do anterior, no apartado 3 da resolución, indícase que o concello deberá considerar a totalidade das observacións que se conteñen nos informes ou respostas da DXOTU, IET, Dirección Xeral do Patrimonio Cultural e Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica, así como un comentario dun particular realizado durante o período de consultas.

A continuación imos a enunciar as conclusións dos informes anteriores e como foron integrados na proposta de m.p.:

- DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO (DXOTU):

- CONCLUSIÓN DO INFORME:

1. Modificación de viario en Loenzo de Abaixo (parroquia de Bértoa).

Procederáse a unha maior xustificación das razóns de interese público da modificación, máis alá da actual titularidade privada dos terreos e da edificación, que por si só non é suficiente tendo en conta a diminución da capacidade e funcionalidade do viario (artigo 83.1 da LSG).

- INTEGRACIÓN NA M.P.:

Esta cuestión xa se clarificou no apartado III-SEGUNDO do presente informe.

- CONCLUSIÓN DO INFORME:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO
A Coruña



2. Modificación de viario en Vivente (parroquia de Ardaña).

Incorporaranse os datos relativos ao acordo cos propietarios concretos que motiva a consideración do grafado do viario nos planos de ordenación do plan xeral como erróneo, para os efectos de xustificar a modificación. Corrixirase a contradición observada no plano Or-01.2 do borrador, entre a liña que delimita o solo de núcleo rural común do histórico-tradicional e as cores de cada tipo de solo (franxa de 2 m ao coa cor do núcleo rural común e que está dentro de núcleo rural histórico-tradicional.

- INTEGRACIÓN NA M.P.:

En relación ao acordo cos propietarios, existe unha proposta do ano 2009 da persoa propietaria dos terreos, que se achega como anexo a este informe, pola que se solicita a permuta dos terreos da súa propiedade referentes ao vial obxecto da m.p. por un camiño existente que está incluído no inventario municipal de bens. A permuta non se puido realizar nese momento debido a que o novo vial non se contemplaba no PXOM-2003 vixente nesa data. O desexo por parte do concello de realizar ese novo vial motivou a incorporación do mesmo na cartografía do PXOM do ano 2016, pero no momento de formular de novo a permuta foi cando se detectou que o camiño non fora grafado correctamente na cartografía do plan xeral. Polo tanto trátase nin mais ni menos que de corrixir ese erro, para poder materializar o acordo coa propietaria.

A contradición no plano Or-10.2 foi corrixida no proxecto da modificación puntual.

- CONCLUSIÓN DO INFORME:

3. Creación de viario xunto a cemiterio próximo á Igrexa (parroquia de Berdillo)

O viario proxectado ten un largo de 5,5 m e é contiguo aos nichos do cemiterio orixinario. O viario debe alcanzar 8 m para garantir que as construcións e cerramentos existentes cumpran coa distancia mínima ao eixe da vía establecido no artigo 92.1 da LSG e 217 do RLSG. Noutro caso quedaría en situación de incompatibilidade coas determinacións do plan, no marco dos citados preceptos normativos.

O grafado do novo viario no plano de ordenación debe ser específico e non confundirse co trazado dos viarios existentes reflectido na cartografía base do Plan.

- INTEGRACIÓN NA M.P.:

No plano Or-014 do proxecto da m.p. aparece o vial obxecto desta observación cunha anchura de 8,00 metros e aparece cunha trama que permite identificar perfectamente os terreos afectados, ademais incluíuse como actuación pública (SX-VI/AU23).

- CONCLUSIÓN DO INFORME:

4. Outros aspectos do contido da modificación.

- a) O borrador inclúe, por erro, planos de información e ordenación da modificación nº 1 do PXOM, que cómpre excluír. Incorporaranse a totalidade dos planos de información, pois no borrador non figuran parte dos citados no seu índice.
- b) A previsión de novos terreos dotacionais públicos (modificacións en San Miguel e o A Igrexa) require que o proxecto conteña todas as determinacións e documentos:
 - Fixación do sistema de obtención dos terreos (artigo 52.f) LSG e 105.1.f) RLSG).
 - Variacións na estratexia de actuación e no estudo económico necesarias para reflectir tales determinacións (artigo 59 LSG e 143 RLSG).

- INTEGRACIÓN NA M.P.:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO
A Coruña



Os planos incluídos na m.p. correspóndense co seu contido. Por outra banda, no apartado 5.3. da MEMORIA incorpórase o estudo económico referente á modificación no que se inclúen os terreos correspondentes ás novas actuacións viarias que se pretenden executar en San Miguel de Vilela (SX-VI/AU 22) e Vivente (SX-VI/AU 23) como accións a acometer polo concello coa súa estimación económica e ademais incorpóranse no ANEXO 4 as fichas de desenvolvemento destas actuacións.

- INSTITUTO DE ESTUDIOS DO TERRITORIO (IET).

- CONCLUSIÓNS DO INFORME:

4. Conclusión:

Polo que atinxe ás competencias deste departamento en materia de paisaxe, considérase que a modificación puntual número 2 do plan xeral de ordenación municipal non provocará un impacto paisaxístico significativo, se ben deben tomarse en consideración as recomendacións expresadas anteriormente.

Cómpre lembrar que de acordo co artigo 7.2 da Lei 7/2008 (modificado pola Lei 12/2014, do 22 de decembro, de medidas fiscais e administrativas), e tendo en conta o disposto no artigo 83.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, a modificación, tras a súa aprobación inicial, deberá someterse a informe do Instituto de Estudos do Territorio.

Estas consideracións refírense ás condicións de urbanización no ámbito de San Miguel de Vilela, "co obxecto de garantir a boa inserción paisaxística da intervención...".

- O deseño do viario debe adaptarse á topografía, minimizando os movementos de terras, buscando a máxima naturalidade e valorando a oportunidade de conservar os elementos vexetais de interese (especialmente na contorna inmediata ao ben catalogado).
- O acondicionamento dos espazos libres deberá procurar a mínima urbanización do mesmo. De preverse novas plantacións deberá optarse por especies autóctonas, procurando en todo caso evitar pantallas visuais continuas que supoñan unha mingua nos valores panorámicos. Así mesmo, se evitará a instalación de mobiliario e /ou sistemas de iluminación de tipoloxías urbanas.
- Respecto dos pavimentos, procurarase optar por solucións de baixo impacto na contorna, como xabre, zahorra ou macádám, cando menos daqueles tramos destinados a tránsito peonil e aparcadoiro. Se por necesidades funcionais resulta imprescindible o uso de materiais máis resistentes, deberán escollerse preferentemente solucións de alta permeabilidade.

- INTEGRACIÓN NA M.P.:

Estas condicións recóllense no apartado 4 do texto da m.p. referente á "NORMATIVA PARA O DESENVOLVEMENTO DA ACTUACIÓN".

- DIRECCIÓN XERAL DO PATRIMONIO CULTURAL.

- CONCLUSIÓNS DO INFORME:

CONCLUSIÓNS

O promotor deberá ter en consideración as anteriores observacións e suxestións na *Modificación puntual nº 2 do Plan xeral de ordenación municipal, Carballo.*

Unha vez aprobada inicialmente a modificación puntual, deberase solicitar o informe vinculante desta Consellería previsto no artigo 34 da LPCG, para o que se deberá chegar o documento debidamente dilixenciado.

As observacións e suxestións son as que se indican a continuación:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO
A Coruña



- a) Procurarase evitar os movementos de terras que supoñan unha variación significativa da topografía orixinal do contorno.
- b) Procurarase a súa compatibilidade cos elementos configuradores da estrutura territorial tradicional, como son a rede de camiños, os muros de peche, as sebes, as tapias, os noiros e outros semellantes.
- c) Empregaranse materiais, solucións construtivas e características dimensionais e tipolóxicas en coherencia co ámbito en calquera tipo de intervencións.
- d) Manteranse preferentemente a estrutura e a organización espacial do contorno, coa conservación xeral das aliñacións e rasantes.
- e) Procurarase e valorarase a integración e compatibilidade dos usos e costumes tradicionais e característicos configuradores do ambiente cos de nova implantación.
- f) Facilitarase a implantación de actividades complementarias compatibles cos valores culturais dos bens que garantan a continuidade do seu mantemento co establecemento de novos usos.

A proposta do borrador pretende aumentar a vía que da acceso á igrexa e ao cemiterio, creando ademais un aparcamento na parcela anexa á igrexa (SX-VI/AU22).

O pombal catalogado (CP-1801) está situado dentro da parcela que se prevé destinar a aparcamento.

Deberase REVISAR O EMPRAZAMENTO proposto para o aparcamento, pois a parcela escollida atópase no medio do núcleo, nunha zona na que se concentran varios bens catalogados, no medio dunha trama compacta e consolidada, polo que unicamente xera máis presión sobre os bens catalogados e aumenta o tráfico neste punto tan sensible.

Enténdese a necesidade de crear unha zona de aparcadoiro que dea servizo á igrexa e ao cemiterio, pero esta necesidade non se pode impoñer sobre a protección e conservación dos bens catalogados e do seu contorno de protección.

A parcela veciña á igrexa na que se atopa o pombal semella, pola súa posición estratéxica, un espazo de reunión, unha zona vinculada á igrexa, á reitoral e outros elementos protexidos como o pombal que, estando no centro do núcleo, debería funcionar como un espazo libre. de reunión dos veciños. que alivie a presión nesta zona.

Cómpre ter en consideración ademais, a incidencia que o tráfico derivado da creación do aparcadoiro vai ter sobre o ámbito. Estamos ante unha vía interior dun NRT, cun trazado orgánico e de dimensións limitadas. Débese prever a necesidade de accesos cómodos ao aparcadoiro, así como situacións posibles de cambios de sentido ou cruce de vehículos. Por todo isto, considérase que o aparcadoiro deberá situarse nunha parcela algo máis afastada do centro do núcleo, como por exemplo nalgunha das parcelas baleiras ao redor do cemiterio que, estando próximas aos equipamentos aos que se pretende dar servizo, non supón un impacto tan importante sobre os bens catalogados.

Toda vez escollido o emprazamento idóneo para o aparcadoiro, deberanse definir as condicións de urbanización para o ámbito, de xeito que se cumpran as determinacións da LPCG para as actuacións nos contornos de protección dos bens catalogados. Empregaranse estratexias como o uso de vexetación autóctona ou solucións de pavimentación pouco robustas para amortecer o impacto do novo sistema xeral sobre o patrimonio cultural.

- INTEGRACIÓN NA M.P.:

Tal e como se indicou no apartado IV deste informe en relación ao axuste da modificación ás determinacións do informe ambiental estratéxico, as conclusións do informe da D.X.P.C. semella que parten dun erro de interpretación, motivado probablemente por unha insuficiente explicación no borrador, en relación ao destino do espazo público proxectado fronte á igrexa parroquial de San Miguel de Vilela. Cómpre insistir unha vez máis que non se trata de facer un aparcamento senón de configurar un espazo público en modo de praza que ademais sirva como zona de estacionamento de vehículos cando teñan lugar eventos puntuais de carácter cultural, festivo ou relixioso. O tratamento deste espazo terá en conta os criterios que se indican no informe que se integran na Normativa da modificación e ademais deberá contar coa autorización preceptiva da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

- DIRECCIÓN XERAL DE PESCA ACUICULTURA E INNOVACIÓN TECNOLÓXICA.

No informe deste organismo non se incorporan observacións que teñan que ser integradas no texto da modificación puntual.

- COMENTARIO DE PARTICULAR.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO
A Coruña



O informe ambiental estratéxico inclúe o comentario dun particular, co período de consulta "pechado", no que se fan unhas consideracións en canto á concesión da licenza de obras "da vivenda afectada" no ámbito de Loenzo de Abaixo, que non se entenden e que ademais non inciden na alteración do PXOM proxectada nesta zona. En todo caso, a vivenda afectada ten unha licenza concedida conforme á normativa vixente no momento da súa concesión, e a modificación ten o detalle e a xustificación necesaria para a finalidade urbanística proposta.

V.- DOCUMENTACIÓN.

A modificación puntual está integrada polos seguintes documentos:

- MEMORIA INFORMATIVA E XUSTIFICATIVA.
 1. INTRODUCCIÓN E ANTECEDENTE.
 2. MEMORIA XUSTIFICATIVA DE FINS E OBXECTIVOS.
 3. MEMORIA XUSTIFICATIVA DE FINS E OBXECTIVOS.
 4. NORMATIVA PARA O DESENVOLVEMENTO DA MODIFICACIÓN.
 5. ESTRATEXIA DE ACTUACIÓN E ESTUDO ECONÓMICO.
 6. MEMORIA DE SUSTENTABILIDADE ECONÓMICA.
 7. DOCUMENTACIÓN A INCORPORAR/MODIFICAR NO PXOM.
 8. RESUMO EXECUTIVO DA M.P.

- ANEXOS.
 - ANEXO 1. FICHA DO CATÁLOGO DO PXOM DO POMBAL EN SAN MIGUEL.
 - ANEXO 2. LICENZA DE OBRA E ACTIVIDADE PARA A AMPLIACIÓN DO CEMITERIO PARROQUIAL DE SAN LOURENZO DE BERDILLO.
 - ANEXO 3. RESOLUCIÓN DO 28 DE XUÑO DE 2018, POLA QUE SE FORMULA O INFORME AMBIENTAL ESTRATÉXICO DA MODIFICACIÓN PUNTUAL NÚM. 2 DO PXOM DE CARBALLO
 - ANEXO 4. DOCUMENTACIÓN A MODIFICAR OU SUBSTITUÍR NO PXOM VIXENTE.

- PLANOS.
 - INFORMACIÓN.
 - ORDENACIÓN.

A documentación semella suficiente para o contido e alcance das alteracións proxectadas na modificación.

VII- FORMULACIÓN E APROBACIÓN INICIAL DA M.P..

De acordo co disposto nos artigos 83.5. da LSG e 200.5. do RLSG.

" A revisión do planeamento e as modificacións de calquera dos seus elementos suxeitaranse ás mesmas disposicións enunciadas para a súa tramitación e aprobación".

De conformidade co anterior a formulación das m.p. do PXOM corresponde ao concello de Carballo. A este respecto compre sinalar que a redacción da presente m.p. xunto con outras foi encargada á empresa *Fernández Carballada y Asociados, SLP* mediante contrato menor de servizo aprobado por Resolución da Alcaldía de data 19 de maio de 2017.

Segundo se dispón nos artigos 60 da LSG e 144 do RLSG.

- O concello, logo do informe dos servizos técnicos e xurídicos municipais sobre a conformidade do plan coa lexislación vixente, procederá á súa aprobación inicial e someterá o documento a información pública durante un prazo de dous meses, mediante anuncio que se publicará no Diario Oficial de Galicia e nun dos xornais de maior difusión na provincia.
A documentación sometida a información pública abarcará todos os documentos integrantes do expediente tramitado, incluídos un resumo executivo.
O resumo executivo conterá, como mínimo, os seguintes aspectos:
 - a) Os ámbitos en que a nova ordenación altere a vixente, cun plano da súa situación e indicación do alcance da dita alteración.
 - b) De ser o caso, os ámbitos en que se suspenda o outorgamento de licenzas e a tramitación doutros procedementos, indicando a duración da suspensión.
- O concello trasladará esta documentación ao órgano competente en materia de urbanismo, o cal dará audiencia aos municipios limítrofes e solicitará os informes sectoriais autonómicos preceptivos, que deberán ser emitidos no prazo de tres meses; transcorrido este, entenderanse emitidos con carácter favorable.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO
A Coruña



Respecto dos informes sectoriais a que se fai referencia neste punto no anexo II recóllese unha listaxe dos ditos informes e do momento en que deberá solicitarse cada un deles, de acordo coa normativa sectorial correspondente.

- *Cumpridos os trámites anteriores, o órgano competente en materia de urbanismo remitirá ao concello o seu resultado, e poderase continuar o procedemento.*

O concello deberá solicitar os informes sectoriais preceptivos non autonómicos segundo a relación que se establece no anexo II do RLSG, que neste caso son os seguintes:

- Informe da Delegación do Goberno conforme ao establecido na Disposición adicional segunda da Lei 13/2003, do 2 de maio, reguladora do contrato de concesión de obras públicas, art. 5 da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, art. 5 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, e art. 68 do RD 1434/2002, do 27 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de gas natural.
- Informe da Secretaría de Estado para o Avance Dixital da Dirección Xeral de de Telecomunicacións e Tecnoloxías da Información en materia de telecomunicacións, segundo o disposto no artº 35 da Lei 9/2014, do 9 de maio, de telecomunicacións.

O acordo de aprobación inicial determina por si só, a suspensión do procedemento de outorgamento de licenzas nos ámbitos nos que as novas determinacións supoñan a modificación da ordenación urbanística vixente. Esta suspensión terá unha duración máxima de dous anos e, en calquera caso, extinguirase coa aprobación definitiva (art. 47.2 LSG). As áreas afectadas pola suspensión inclúense no resumo executivo.

O órgano competente para resolver este asunto é o pleno do concello en virtude do disposto no art 22.2.c da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Por todo o anterior, formulase a seguinte:

VIII.- PROPOSTA.

- Primeiro.- Aprobar inicialmente a **modificación puntual nº 2 do PXOM de Carballo en solo urbano**, segundo a documentación técnica elaborada polos arquitectos Beatriz Aneiros Filgueira (arq. col. 2137 C.O.A.G.) e Alvaro Fernández Carballada (arq. col. 1047 C.O.A.G.).
- Segundo.- Someter o expediente a información pública por prazo de dous meses mediante anuncio que se publicará no Diario Oficial de Galicia en nun dos xornais de maior circulación na provincia. Durante o mencionado prazo os interesados poderán formular cantas alegacións teñan por conveniente. A documentación sometida a información pública abarcará todos os documentos integrantes do expediente tramitado, incluído o resumo executivo.
- Terceiro.- Dar traslado desta documentación á Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo a fin de que dea audiencia aos municipios limítrofes e solicite os informes sectoriais autonómicos preceptivos, que deberán ser emitidos no prazo de tres meses; transcorrido este prazo, entenderanse emitidos con carácter favorable.
- Cuarto.- Solicitar informes sectoriais da Administración do Estado á Delegación do Goberno e á Secretaría de Estado para o Avance Dixital da Dirección Xeral de Telecomunicacións e Tecnoloxías da Información.
- Quinto.- Conforme ao previsto no artigo 47.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, o acordo de aprobación inicial da modificación puntual determina, por si só, a suspensión das licenzas nos ámbitos nos que as novas determinacións supoñan modificación da ordenación urbanística vixente. Esta suspensión terá un período máximo de dous anos e, en calquera caso, extinguirase coa aprobación definitiva. As áreas afectadas pola suspensión están descritas no resumo executivo.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)